



Concello de Vilariño de Conso

D^a. Ana María Loureiro Silva, Secretaria-Interventora do Concello de Vilariño de Conso, do que é Alcaldesa-Presidenta, D^a. Melisa Macía Dominguez,

CERTIFICO:

“Que en data 30 de decembro de 2024, a Sra. Alcaldesa ditou o seguinte DECRETO DE ALCALDIA:

“Visto o expediente tramitado segundo Providencia de Alcaldía de data 04/10/2024, para a concesión de axudas para o fomento da natalidade por nacemento ou adopción de fillos e fillas durante o ano 2024 no Concello de Vilariño de Conso.

Por Decreto de Alcaldía de data 04/10/2024 aprobouse a convocatoria de axudas para o fomento da natalidade por nacemento ou adopción de fillos e fillas durante o ano 2024, cuxo anuncio foi publicado no Boletín Oficial da Provincia nº 210 de data 29 de outubro de 2024 na web municipal e no taboleiro de anuncios do Concello de Vilariño de Conso e na BDNS (código 789150).

Á vista do Decreto de Alcaldía de data 18/12/2024 polo que se lle concede a axuda por nacemento ou adopción de fillos e fillas durante o ano 2024 a Don Miguel Núñez González por un importe de 500,00 €.

Á vista de que en data 26/12/2024 Don Miguel Núñez González presentou en prazo a documentación xustificativa por un importe de 562,80 €, visto informe do órgano instructor e de secretaria-intervención, e segundo establecen as bases reguladoras, de conformidade co establecido no artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de Bases de Réxime Local, e Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais,

ACORDO:

PRIMEIRO: *Aprobar a xustificación da axuda polo gasto realizado segundo o previsto nas bases reguladoras, de Don Miguel Núñez González beneficiario da axuda outorgada, recoñecendo as obrigas correspondentes por importe de 500,00 €*

SEGUNDO: *Notificar a presente resolución á interesada con indicación dos recursos que resulten procedentes, e publicar a presente na sede electrónica do Concello de Vilariño de Conso <https://vilarinodeconso.sedelectronica.gal> e na BDNS*

TERCEIRO: *Ordenar o correspondente pago polas obrigas previamente recoñecidas, segundo o artigo 186 do RDL 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.*

CUARTO: *Dar traslado da presente á intervención e tesourería.”*





Concello de Vilariño de Conso

O que asino, en Vilariño de Conso, co visto e praxe da Sra. Alcaldesa, na data indicada á marxe.”

Vº e Pr.

A ALCALDESA,

A SECRETARIA-INTERVENTORA,

Asdo.: Melisa Macía Domínguez

Asdo.: Ana M.^a Loureiro Silva

(documento asinado electrónicamente á marxe)

